

CPI DE XANCEDA. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2021-2022

En cumprimento da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Departamento de Lingua Galega e Literatura modifica a programación didáctica para o curso 2021-2022 naqueles aspectos que se ven afectados pola mencionada disposición legal.

Lingua Galega e Literatura 1º, 2º 3º e 4º ESO.

Tendo en conta que na educación secundaria obrigatoria se suprime a avaliación extraordinaria, os procedementos e as datas de avaliación previstos na programación sufrirán algunhas modificacións. Nas materias de ensinanza secundaria obrigatoria que son competencia do departamento, adoptaremos as seguintes medidas:

1. A partir do día 6 de xuño, na data que se determine, terá lugar a sesión da 3ª avaliación, que se fará cos criterios e procedementos de avaliación previstos na programación.
2. A cualificación final do curso calcularase obtendo a nota media entre as tres avaliacións parciais. O alumnado que non obteña na nota media das tres avaliacións unha cualificación mínima de 5 puntos poderá realizar unha proba final de recuperación, que terá lugar antes do día 23 de xuño. Dita proba constará de tres partes, correspondentes aos contidos de cada unha das avaliacións, e o alumnado deberá realizar a parte ou partes correspondentes a aquelas avaliacións en que non acadou os obxectivos, isto é, aquelas en que obtivo unha cualificación inferior a 5 puntos. A proba extraordinaria conterá tamén exercicios relacionados coas tres lecturas obrigatorias que se contemplan para as tres avaliacións do curso.
3. No período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a proba final de recuperación, levaranse a cabo actividades avaliábeis de recuperación, reforzo e ampliación, tal e como se determina na orde mencionada. Estas actividades terán distinta natureza e finalidade segundo as necesidades educativas de cada alumno ou alumna.
4. No caso do alumnado cunha nota media das tres avaliacións igual ou superior a 5 puntos, isto é, aqueles alumnos e alumnas que non precisen realizar a proba final de recuperación, as actividades que se levarán a cabo serán fundamentalmente de reforzo e de ampliación dos contidos traballados ao longo do curso. A cualificación final deste alumnado calcularase atendendo aos seguintes criterios: a media das tres avaliacións do curso suporá o 95% da cualificación, e o 5% restante corresponderase coas actividades realizadas nese último período do curso. Estas actividades serán preferentemente tarefas de investigación e tratamento de información, e faranse a través da aula virtual utilizada durante o curso.

5. A cualificación final do alumnado que teña que presentarse á proba final de recuperación calcularase obtendo a nota media das tres avaliacións. No caso en que nalgunha das avaliacións a nota que obtivo na proba final de recuperación sexa inferior á que obtivera na avaliación correspondente, terase en conta a cualificación máis alta. A nota final, resultado do cálculo da media entre as avaliacións, suporá o 95% da cualificación final do curso. O 5% restante obterase a través das tarefas de recuperación e reforzo realizadas no período comprendido entre a data da 3ª avaliación e a da avaliación final.

Segunda Lingua Estranxeira Portugués (3º e 4º ESO).

1. Para que se considere que un alumno ou alumna acadou os obxectivos do curso deberanse dar algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Obter un mínimo de 14 puntos na suma das cualificacións das tres avaliacións, sempre que tiveren aprobada a terceira avaliación.
 - b) Ter dúas avaliacións aprobadas (unha delas necesariamente ten que ser a terceira) e obter como mínimo 13 puntos na suma das cualificacións das tres avaliacións.
2. As alumnas e alumnos que, ao remataren a terceira avaliación, non se atopen en ningunha das situacións descritas nos apartados *a* ou *b* deberán realizar unha proba final, que terá lugar entre os días 20 e 22 de xuño, para poder superar a materia. Nesta proba proporanse exercicios correspondentes aos contidos estudados nas tres avaliacións do curso e, para superala, é imprescindible obter unha cualificación mínima de 5 puntos. A cualificación final deste alumnado calcularase atendendo aos seguintes criterios: a nota da proba final de recuperación suporá o 95% da cualificación, e o 5% restante corresponderase coas actividades realizadas nese último período do curso.
3. O alumnado que se atope nalgunha das situacións descritas nos apartados *a* ou *b*, e que, polo tanto, non teña que realizar a proba final de recuperación, desenvolverá durante o período comprendido entre a sesión da terceira avaliación e a avaliación final, actividades de reforzo e de ampliación dos contidos traballados ao longo do curso. A cualificación final deste alumnado calcularase atendendo aos seguintes criterios:
 - 70%: nota da 3ª avaliación.
 - 15%: nota da 2ª avaliación.
 - 10%: nota da 1ª avaliación.

O 5% restante corresponderase coas actividades realizadas nese último período do curso, entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

A xefa do Departamento de Lingua Galega e Literatura

Mª Dolores Díaz Rifón